

**RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN 2025/CP/139
(REFERENCIA AXUDA: Proyecto European Atomic Energy Community EURATOM
research and training programme on nuclear energy. EC Grant Agreement nº
101166718)**

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 14 de xullo publicase no TEO a convocatoria de contratación 2025/CP/139. Obxecto do contrato: Desenvolvemento de metamodelos para a resolución de reaccións xeoquímicas en modelos de transporte reactivo mediante técnicas de aprendizaxe automática. Localización e horario: ETS Enxeñaría de Camiños Canales e Portos (Escola de Enxeñaría Civil). Horario: de 10:00 a 14:00 e de 15:00 a 18:00, de luns a venres, GRUPO I. Categoría: Técnico de apoio á investigación. Xornada completa. Duración indefinida. Data de finalización do contrato: 30/9/2026. Salario bruto: 2.566,67 €/mes.

SEGUNDO.- Con data 23 de xullo publicase a proposta de resolución provisional, na que figuran as persoas candidatas seleccionadas por orde decrecente de puntuación concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións ante a Comisión.

TERCEIRO.- Con data 4 de agosto publicase a proposta de resolución definitiva xunto coa acta de puntuacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Téndose cumprido as esixencias e condicións establecidas no Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento, aprobado en Consello de Goberno de 5 de xuño de 2024, e constando motivación necesaria e suficiente na formulación da proposta de resolución definitiva pola Comisión de Selección, compre resolver a presente convocatoria e adxudicar o contrato á persoa seleccionada pola devandita Comisión.

Polo exposto,

RESOLVO adxudicar do contrato en favor de:

Brais Sobral Arean con documento de identidade ***4055**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no TEO.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Código Seguro De Verificación	tUBJffAlQi007Vt/+HiDw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo			Asinado	04/08/2025 20:04:59
Observacións				Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tUBJffAlQi007Vt%2F%2BHidw%3D%3D				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				

